

XUBILACIÓN PARCIAL NO ENSINO CONCERTADO

UGT



Servizos
Públicos
Ensino



UGT-SP sempre contigo



REQUISITOS DE ACCESO:

- Ter **contrato indefinido a tempo completo** (25 horas semanais) en **pagamento delegado**.
- Levar **6 anos ininterrompidos** impartindo clase **no ensino concertado**.
- Estar a un **máximo de 2 anos** para a idade de **xubilación ordinaria**.
- O **profesorado substituto NON** pode acollerse á prestación.

IDADE DE XUBILACIÓN ORDINARIA:

2025	38 anos e 3 meses ou máis	65 anos
	Menos de 38 anos e 3 meses	66 anos e 8 meses
2026	38 anos e 3 meses ou máis	65 anos
	Menos de 38 anos e 3 meses	66 anos e 10 meses
Ano 2027 e seguintes	38 anos e 6 meses ou máis	65 anos
	Menos de 38 anos e 6 meses	67 anos

IDADE DE XUBILACIÓN PARCIAL:

En síntese, para desfrutar da Xubilación Parcial:

- Para o **ano 2026** precisas ter cumpridos os **63 anos** e que falten **2 anos** para que acades unha cotización de **38 anos e 3 meses**.
- * Con **64 anos e 10 meses** podes acceder con **33 anos de cotización**.
- Para o **ano 2027 e seguintes** debes ter cumpridos os **63 anos** e que falten **2 anos** para ter unha cotización de **38 anos e 6 meses**.
- * Con **65 anos**, accedes á prestación con **33 anos cotizados**.

CONTRATO DE REMUDA:

- O centro educativo fará un contrato de remuda que cubra o 72 % da xornada do xubilado parcialmente. Mais esta persoa docente estará **contratada a xornada completa**.
- O remudista pode proceder do **desemprego**, **ter contrato temporal na empresa ou ser fixo discontinuo** e as persoas da **bolsa de recolocación** do *Acordo de xuño de 2023* terán **preferencia** na contratación.

REDUCCIÓN DA XORNADA:

- Redución de xornada do **72 % (7 horas lectivas semanais)** durante o tempo de desfrute da prestación.

DURACIÓN DA PRESTACIÓN:

- A duración **máxima** da xubilación parcial é de **2 anos**. No cadro, aparece a relación de **acceso á prestación segundo a data na que se cumpran todos os requisitos** para o seu desfrute.

DATA NA QUE SE CUMPRE COS REQUISITOS	INICIO
15/01/2026	01/02/2026
31/03/2026	01/04/2026
31/08/2026	01/09/2026
31/12/2026	01/01/2027
31/03/2027	01/04/2027
31/08/2027	01/09/2027
31/12/2027	01/01/2028
31/03/2028	01/04/2028
31/08/2028	01/09/2028
31/12/2028	01/01/2029
31/03/2029	01/04/2029

- A xubilación parcial **rematará** cando o xubilado parcialmente chegue á **idade ordinaria da súa xubilación**.

No mes de novembro, a UGT-SP e outras OOSS aprobamos o borrador do Acordo da Xubilación Parcial, que regula o acceso á prestación do profesorado en pagamento delegado nos centros concertados de Galicia, en sintonía coa normativa estatal vixente desde abril do 2025. Substitúe o acordo anterior de agosto de 2024, que perdeu vixencia o 1 de abril do 2025 ao entrar a nova normativa estatal. Extinguirase o 31 de agosto de 2029, salvo que cambie a lexislación.